

	I.E.S. Lagoa de Antela Xinzo de Limia (Ourense)
	Avd. De Ourense, 184 Tlfs.: 988462454 Fax.: 988462337 E-Mail: ies.lagoa.antela@xunta.es

Proxecto
de
Normalización e Dinamización
Lingüística
curso
2008-2009
IES LAGOA DE ANTELA

ÍNDICE:

- Equipo de Normalización e Dinamización Lingüísticas

- Proxecto de Normalización e Dinamización Lingüísticas
 - Análise sociolingüística:

 - Actividades de Dinamización Lingüística:
 - Obxectivos dinamizadores

 - Obxectivos específicos e accións programadas

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

CONSTITUCIÓN:

Profesora coordinadora:

CARME GÓMEZ GARCÍA, profesora de Lingua Galega e Literatura.

Profesorado integrante:

PILAR BARANDELA SANDIANES, profesora de Lingua Galega e Literatura.

TOMÁS GARCÍA, profesor de Bioloxía.

Profesorado colaborador:

XULIÁN XOSÉ VÁZQUEZ, profesor de Educación Física, ISABEL GARCÍA, profesora de Física e Química, M^a ÁNGELES BLANCO, profesora de Pedagogía Terapéutica, JUAN QUINTAS, profesor de Audición e Linguaxe, XOSÉ MANUEL FÍRVIDA PLAZA, profesor de Economía, LUÍS ÁLVAREZ GONZÁLEZ, profesor de Filosofía, BELÉN CASTRO, profesora de Lingua e Literatura Española, ROXELIO BARBOSA, profesor de Matemáticas e ÁLEX PIRES, profesor de PCPI de Cociña.

Alumnado integrante:

1º ciclo de ESO:

SAID CARLOS BECHIKI PÉREZ

YOLANDA DE OLIVEIRA

FATIMA ABOUFARIS

2º ciclo da ESO:

ANDREA PENA RODRÍGUEZ

CAROLINA SEOANE

UXÍA DOMÍNGUEZ

MANUEL CASTRO GALIÑA

Bacharelato

CARLOS RODRÍGUEZ PARADA

SONIA MÍGUEZ RODRÍGUEZ

PAULA CRISTINA LIMIA FERNÁNDEZ

IAGO GARCÍA

CÁNDIDO PANIAGUA POUSA

MARTA GONZÁLEZ SUÁREZ

CRISTINA ANDRADE OPAZO

Persoal non docente:

MIGUEL ANXO BARGE GIL, funcionario subalterno.

ANPA:

CARLOS BARJA, presidente da ANPA.

Persoal da cafetería

MANUEL OPAZO JARDÓN

MARÍA ELSA LÓPEZ MOREIRA

PROXECTO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICAS CURSO 2008-2009

ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA

O IES Lagoa de Antela é un centro público que imparte, ademais da ensinanza secundaria obrigatoria, os bacharelatos das modalidades de Ciencias Sociais e Humanidades e Ciencias e Tecnoloxía e os PCPI de Cociña e Carrocería.

A lingua predominante da vila é o galego, aínda que o seu uso descende minimamente con respecto aos usos lingüísticos da poboación rural, en que se constata uns usos practicamente monolingües en galego.

No resto dos municipios (Vilar de Santos, Rairiz de Veiga, Vilar de Barrio, Baltar, Calvos de Randín, Sandiás, ...), tanto nas cabeceiras como nas aldeas a lingua de uso maioritaria é o galego.

No estudo sociolingüístico do sector comercial da comarca realizada o curso 2007-2008 constatábase que na vila de Xinzo máis do 75% dos negocios empregaban o galego como lingua vehicular oral e esta porcentaxe aumentaba ata case o 100% nos demais concellos da comarca. Non obstante, a maioría declarábase pouco competente en lingua escrita e confesaba non ler case nada en galego.

O galego tamén é a lingua maioritaria empregada nas institucións locais. O mesmo ocorre coas asociacións de diferente signo: ecoloxistas, xuvenís.

O **alumnado** é, na súa maioría, galegofalante: o que procedente do ámbito rural amosa uns hábitos monolingües en galego, fronte ao alumnado da capital do municipio en que a presenza do castelán é máis visible, aínda que segue a ser unha porcentaxe case

insignificante en relación co total global. No IES Lagoa de Antela hai máis dun 15% de alumnas e alumnos matriculados nados fóra da comunidade galega, a maior parte son fillos de emigrantes retornados. Non obstante este curso aumentou o número de estranxeiros matriculados en 1º da ESO chegando ao 18%. O lugar de procedencia é variado aínda que predominan os países latinoamericanos (Colombia, Arxentina, República Dominicana e Brasil) e Marrocos (hai unha importante comunidade marroquí asentada na bisbarra), aínda que tamén hai romaneses, portugueses e un chinés. Os fillos de emigrantes retornados proceden de Alemaña, Suíza, Andorra e Francia.

Canto ao **profesorado** a maioría emprega o galego nas súas aulas e mostra unha disposición favorable cara ao galego. Os datos extraídos das enquisas sociolingüísticas realizadas marcan que o galego é a lingua de uso maioritaria no profesorado é o galego, aínda que o nivel de uso docente, en relación co nivel de uso do alumnado, diminúe lixeiramente.

O galego é a lingua vehicular empregada polo **centro** para a comunicación interna e externa a nivel escrito e é a lingua maioritaria utilizada nos usos orais: no rotulado do centro, nas notas informativas...

A lingua de uso do **persoal non docente** é o galego: tanto bedeis coma persoal administrativo empregan o galego nas súas comunicacións orais e escritas.

O galego tamén é a lingua maioritaria utilizada, tanto a nivel oral coma escrito, nas relacións do centro co alumnado, coas institucións locais e coa ANPA. É a lingua das TIC, da documentación administrativa e informativa.

A **ANPA** tamén emprega o galego como lingua vehicular para as comunicacións orais e escritas.

En resumo, o IES Lagoa de Antela está situado nun contorno claramente galegófono pois a lingua maioritaria é o galego.

ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CURSO 2008-2009

As actividades deseñadas polo Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do IES Lagoa de Antela operarán en dúas direccións:

- **No uso do galego oral e escrito.**
- **Na creación de actitudes positivas e dignificación da lingua.**

1- Obxectivos dinamizadores xerais

- Estender e optimizar o uso da lingua galega no centro educativo.
- Combater prexuízos e prestixiar a lingua galega na comunidade educativa.
- Incentivar o ritmo vivo da lingua e contribuír ao incremento da competencia activa.
- Implicar a todos os axentes da comunidade educativa no proceso normalizador.
- Aumentar o uso da lingua no contorno, modificar hábitos e crear actitudes favorables ao proceso normalizador.

A continuación descríbense polo miúdo as accións e medidas que se abordarán o presente curso en función dos obxectivos específicos, incluíndo porcentaxe de alumnado e profesorado implicado e o impacto previsto:

2- OBXECTIVOS ADECUADOS A CADA UN DOS CATRO SECTORES E ACCIÓNS PREVISTAS

1-CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO:

Obxectivos:

Aumentar o uso da lingua no contorno, modificar hábitos, fomentar a lectura e crear actitudes favorables cara a lingua con campañas en positivo.

ACCIÓNS:

- ***2ª fase da campaña no sector comercial: “No comercio, en galego”.***
Feita a sondaxe de usos lingüísticos o curso 2007-2008 e constatado un desexo dun grande número de comerciantes e dependentes de aumentar as competencias neste terreo procederase a fornecer de recursos para contribuír á normalización no ámbito comercial. Editaranse uns folletos

con algunhas recomendacións léxicas, listados de vocabularios, e algunha información de interese (subvencións, dereitos lingüísticos...). Será o alumnado o que deseñe a forma do proxecto como unha actividade de intervención normalizadora, recollida dentro do currículo da materia de lingua no apartado de sociolingüística e que será coordinada polo profesorado de Lingua e Literatura galega e o ENDL. Tamén será o alumnado o encargado de facer chegar este material aos comercios da vila e da bisbarra.

Esta actividade continuará o curso próximo nunha 3ª fase de traballo.

- ***Campaña de información:*** para as ANPAS confeccionarase un **folleto informativo** sobre as funcións do ENDL, as actividades previstas e convidarase ás familias a participar activamente nestas e a propor outras. Tamén a elas e a outras persoas do contorno irá destinada, en coordinación co Equipo das TIC e o Equipo da Biblioteca, unha ***Campaña de fomento da lectura en galego***, para o cal se abrirá a biblioteca dúas tardes ao mes, fóra do horario lectivo, para favorecer préstamos de libros, e aumentarase o número de **mochilas viaxeiras** con material bibliográfico e audiovisual en galego e que van destinadas a toda a familia (nesta mochila vai un caderno no que os membros das familias recollen as súas críticas e opinións sobre o material visualizado). Tamén se organizarán, esas tardes, ***Sesións de cinefórum***, proxectando películas galegas, películas que se poidan relacionar con algún aspecto do noso país e películas independentes que traten temas sociais: *Mar adentro, Os luns ao sol, Fisterra, O lapis do carpinteiro, Un franco, catorce pesetas, Persépolis, A noite dos lapis, O círculo, A ducha...* Repartirase unha ficha técnica en galego ás persoas asistentes e, ao finalizar a proxección abrirase un tempo de debate.
- Establecerase un novo contacto co concello de Rairiz de Veiga para planificar conxuntamente e abordar a **3ª fase de “Plantación no monte queimado de Candás”**, consistente en facer un seguimento, limpeza, recoñecemento das árbores e plantación de novas árbores autóctonas. Esta actividade estará coordinada polo departamento de Ciencias e será o profesor Tomás García o responsable. Elaboraranse unhas fichas onde se recollerán os nomes das árbores autóctonas plantadas, as características

de cada unha delas e as propiedades medicinais que se derivan dos seus compoñentes. O resultado desta experiencia recollerase na páxina web do instituto e merecerá un artigo na revista do centro.

- Continuará o *contacto coas bibliotecas municipais* ás que se lles pasará unha lista cos libros de lectura obrigatoria e outra lista cos libros de maior éxito en galego.
- Colaboración coas actividades que organicen outros concellos sobre a lingua e/ou a realidade galega (o curso pasado participouse nun acto de homenaxe a Curros Enríquez organizado polo concello de Xinzo de Limia que consistiu na lectura pública de poemas do autor de Celanova).
- Estableceuse contacto coa asociación *Aguillear*, na cal están integrados antigos alumnos do centro, para convidar os seus membros a participar nas sesións de *Cinefórum* e organizar algunha outra acción conxuntamente. Esta asociación convidou a parte do profesorado a asistir a un recital das Redes Escarlata o día 4 de outubro.
- Seguirase a relación que se viña mantendo ata agora cos grupos ecoloxistas da bisbarra (Amigos da Terra, Adegá...), con asociacións dedicadas ao cultivo ecolóxico e outras (Comercio Xusto, CIX) para impartir charlas e pór mesas con información no centro. Cómpre destacar que este ano todo o alumnado recibiu a “*Axenda Nova Limiá*”, escrita integramente en galego e editada polas asociacións comarcais.

2- SITUACIÓN DOPROFESORADO

Obxectivos:

Incrementar o uso do galego no profesorado, aumentar a súa competencia, modificar hábitos e desterrar prexuizos.

ACCÍONS:

- ***Cursos de galego:*** ofrecerase a posibilidade de realizar cursos de reciclaxe para aumentar a competencia oral e escrita, pois o curso pasado moitas persoas manifestaron a súa disposición a realizar cursos para mellorar a súa competencia lingüística..

- **Fornecemento de recursos en galego ao profesorado das diferentes materias:** proverase de material didáctico e informativo que se edite en galego (dicionarios, libros específicos de cada materia...), mercaranse publicacións de interese xeral: revistas (*Tempos novos, Grial, Fada Morgana...*) e fornecerase de ferramentas tecnolóxicas (correctores, páxinas web...)
- O profesorado de linguas estranxeiras e o departamento de Orientación: colaborará na planificación e execución da **2ª fase de tradución** ao galego de textos escritos nas diversas linguas do centro (o curso pasado realizouse a acción inversa: traducíuse o poema de Celso Emilio Ferreiro “Longa noite de pedra” ás diferentes linguas do centro, as impartidas e as linguas maternas do alumnado inmigrante) e **confección dun minilibro** para agasallar o Día da Lingua Materna. Actúase nunha dobre dirección: por unha banda o profesorado doutras linguas está usando o galego como lingua de tradución e, por outra banda, está favorecéndose o intercambio cultural e a integración do alumnado inmigrante. Os textos serán lidos publicamente por alumnado (en especial o inmigrante) e profesorado nunha sesión das **Lecturas Abertas**.
- **Intervención directa de departamentos nas accións normalizadoras:** **Plástica**, no concurso de postais de Nadal e máscaras de Entroido; **Música**, na incorporación de fragmentos musicais nos vídeos elaborados e nas actuacións musicais en recitais, teatro e actuacións; **Ciencias**, na abordaxe da 3ª fase da plantación en Candás; **Educación Física**, na planificación do **Correlingua**; **Filosofía e Historia** na coordinación da actividade de **Cinefórum**; **Orientación**, na planificación de actividades de integración do alumnado inmigrante; **PCPI de Cociña**, na organización das festas tradicionais con pratos da época, na elaboración de pratos dos países de orixe do alumnado inmigrante e a súa conseguinte receita en galego...
- **Plan Lector:** os membros do Equipo da Biblioteca (formado por unha profesora de Plástica – oriúnda de Salamanca-, unha profesora de Lingua Castelá, 2 profesoras de Lingua Galega e Literatura e un profesor de Historia) seguirán mantendo o uso do galego na planificación e execución das actividades deseñadas e nas estratexias informativas (

Libro do mes, Lecturas Abertas; folletos informativos para a formación de usuarios, unha actividade de educación documental sobre a figura da pintora galega Maruxa Mallo, etc).

- “*O recuncho da lectura*: no espazo habilitado na Sala de Profesorado para promover a lectura seguirase actualizando coa adquisición de novidades e libros de éxito. Na campaña do verán do curso pasado prestáronse sobre 20 libros. A habilitación dun espazo na Sala de Profesorado para préstamos de libros e exposición das novidades está funcionando moi ben pois achega a lectura en galego a persoas da comunidade que non visitan habitualmente a biblioteca.

3- SITUACIÓN DO ALUMNADO

Obxectivos:

1- Revalorizar a lingua, desterrar prexuizos para evitar a deserción lingüística e incrementar a competencia activa no alumnado.

ACCIÓNS:

- Continuación co club de lectura *Nós tamén navegar*, que traballa con textos galegos en máis do 80% dos casos e cuxos comentarios e lecturas que se van abordando van colgándose na web no blog:

www.blogoteca.com/nostamennavegar

O curso 2007-2008 puxéronse en funcionamento 4 grupos, un para cada nivel dende 2º da ESO, este ano vaise formar un club de lectura en 1º da ESO. Prodúcese unha reunión semanal onde se comentan as lecturas ou capítulos das novelas que se van lendo. Esta actividade permite traballar a oralidade e fomentar o espírito crítico a través do intercambio de opinións.

- Convocatoria de **concursos** para fomentar a creatividade e a sensibilización artística en datas sinaladas: microrrelatos no Nadal, declaracións de amor para o Día do Amor, máscaras para o Entroido, haikus para o Día da Poesía, caligramas e fotografía para o mes dos libros e videocontos e videopoemas para as Letras Galegas.

- **Publicación dun novo número da revista *No Límite***: esta publicación converteuse nun eficaz factor normalizador que é tradición no instituto. Na revista recóllense artigos diversos e planifícase dende o inicio do curso. Esta canle plural integra todas as accións normalizadoras e dá voz a alumnado actual, alumnado antigo e profesorado. O formato impreso responde a unha necesidade de visualizar traballos aos que pode acceder todo o mundo e que permanece, memoria gráfica que perdura no tempo. Os traballos elabóranse en función dunhas instrucións que obrigan a utilizar programas dixitais e a seguir unhas pautas unificadas. Despois de distribuír a revista colgarase na páxina web.
- **Celebración dos días sinalados no calendario** (Día contra a Violencia de Xénero, Día Mundial contra a SIDA, Día da Paz, Día da Poesía, Semana das Letras Galegas...) en colaboración co Equipo da biblioteca, fomentando a participación directa do alumnado nas **Lecturas Abertas**, recitais e performances, en colaboración cos grupos de teatro, actividade que se vén celebrando por tradición e que se potenciou o curso pasado con moito éxito de participación e asistencia.
- **Celebración das festas tradicionais** (Samaín, Magosto e Entroido): celebráranse con accións que involucren o alumnado da ESO e impliquen a colaboración do alumnado de PCPI de Cociña: o alumnado recollerá receitas nas súas casas cos produtos destas festas e elaboraranse algunhas delas. Para o Samaín, en colaboración co Departamento de Plástica confeccionáranse cabazas e realizárase unha exposición.
- Co alumnado inmigrante traballárase especialmente na
 - Elaboración de pequenos **vocabularios** básicos partindo dos seus idiomas maternos e a súa correspondente tradución ao galego.
 - Promover a súa participación nas **Lecturas Abertas** e recitais, en colaboración coa profesora de inmigrantes e profesorado terapéutico.
- **Obradoiro de audiovisual** impartido por unha antiga alumna do centro, Alba Prol, coa intención de realizar unha curtametraxe sobre un relato e/ou un documental. A colaboración con antigos alumnos e alumnas é un feito consolidado no instituto e ademais ten un efecto inmediato: o

alumnado entra en contacto con persoas da súa bisbarra que non modificaron os hábitos lingüísticos e que son activos militantes fóra do ámbito en que se criaron; ademais son persoas cun referente atractivo académico: fan actividades de creación artística. Irá dirixida a actividade ao club de lectura.

- **Fomento da lectura** oral e autónoma a través do **Proxecto Lector**: continuarase co concurso **Libro do mes**, actividade posta en marcha polo equipo da biblioteca o curso pasado. Tamén se seguirán levando a cabo campañas de lectura en galego nos períodos de vacacións (Nadal, Semana Santa e verán) a través da colocación de libros de éxito e novidades nos andeis da biblioteca e carteis deseñados para a ocasión con citas, microrrelatos e versos (o curso pasado prestáronse máis de 100 libros nestes períodos). Para actualizar os fondos bibliográficos e videográficos mercaranse varios exemplares de cada libro, compactos de música, cómics e películas en formato de DVD. Organizaranse **Encontros coas nosas escritoras e escritores** (Anxo Fariña, Marta Dacosta, Diego Ameixeiras, Agustín Fernández Paz, Begoña Muñoz,...). Teñen confirmada a súa presenza o escritor Anxo Fariña e a poeta Marta Dacosta que recitará poemas seus e dará unha charla sobre a presenza da muller na literatura. Previamente prepararase, coma todos os anos, unha batería de preguntas que o alumnado dirixirá aos autores e que se gravarán para, posteriormente, recollerse na páxina web e na revista.
- **Achega da música en galego ao alumnado**. Para iso programouse, primeiro, un concerto-recital a cargo do poeta e músico **O Leo i Arremecághona** que cantará poemas do seu libro *Hai cu* e doutros escritores. Dirixirase ao alumnado de 1º e 2º de BAC. Posteriormente, tentaremos que algúns virtuosos da comarca, que se dedican á recollida e interpretación de música tradicional con todo tipo de instrumentos, e cos que xa establecemos contacto, se acheguen ao centro para mostrar algúns dos seus coñecementos.
- **Teatro en valores**: hai dous grupos de teatro funcionando no instituto que realiza todas as súas escenificacións en galego. Estes grupos, alén de participar nas performances e Lecturas Abertas nos días sinalados no calendario, preparan unha representación multimedia para a fin de curso

na cal convidan a alumnado, profesorado e familiares. Necesitarase mercar material para o atrezzo.

- Continuación na recollida de expresións e palabras nun proxecto iniciado en maio do curso pasado e que leva o nome de “*Ao rescate das voces que se están perdendo*”. O proxecto consiste na recuperación de voces galegas que usan os avós e avoas e que se perderon coa transmisión xeracional. O profesorado de Lingua e Literatura Galega motiva ao alumnado para que realice un traballo de escoita activa e vaia apuntando nun espazo reservado para iso as palabras que non reconece ou que xa non emprega; tamén se lles recomenda que pregunten directamente nalgúns casos. O obxectivo é favorecer a comunicación interxeracional, activar a consciencia e promover a recuperación dalgunhas voces. Este traballo irase realizando sen establecer prazos, será un labor de anos, que logo requirirá realizar unha clasificación temática. A pesar de que se colgou nun *blog* non tivo moito éxito, quizais debido ao feito de quedar soterrado pola información nova. Para facer visible o proxecto e estimular o alumnado elaboraremos un pequeno folleto con algunhas expresións recollidas, o obxectivo desa recollida e un deseño para ilustrar.

2- Fomentar o intercambio e colaboracións con outros centros.

ACCIÓNS:

- Organizar algunha acción conxunta co IES Cidade de Antioquía como se vén realizando todos os anos: encontros con escritores e xornada de contacontos.
- Publicación dos contos itinerantes realizados o curso anterior entre o alumnado do CEIP Rosalía de Castro e IES Lagoa de Antela que non puideron editarse por razóns económicas. Este curso promoverase un proxecto vía internet, activando unha acción conxunta a través do *blog*.
- 3ª fase do proxecto *Ler para viaxar* co IES San Mamede de Maceda consistente na visita do alumnado de Maceda a lugares da bisbarra limiá, empregando como guías o propio alumnado do IES Lagoa de Antela.

Visitaremos a **Torre da Forxa** e a fervenza no concello de Porqueira e logo realizaremos un percorrido pola aldea de **Lodoselo**. Previamente o noso alumnado preparará os textos informativos sobre os monumentos e lugares de interese das zonas que se van visitar, exercendo de anfitrións do alumnado do IES San Mamede.

- **“Intercambiando toponimia e visibilizándoa”**: *vaise* emprender unha acción conxunta cos ENDL do IES Abrente de Ribadavia, IES Xulio Prieto Nespereira de Ourense e IES San Mamede de Maceda, consistente en confeccionar camisetas cun deseño común a partir dun traballo de microtoponimia das diferentes bisbarras. O obxectivo é coñecer, valorar e facer visible a nosa riqueza toponímica; propiciar o intercambio de coñecementos, potenciar a creatividade e empregar as TIC. Este traballo permitirá ao alumnado coñecer a orixe dos topónimos e observar a relación entre estes e o contorno, apreciando as alteracións no medio. Mesmo poderán descubrir como lugares afastados comparten nomes. Tamén se intercambiarán experiencias e material, como se vén facendo ata o de agora.
- Intensificar os contactos entre os clubs de lectura do IES Xulio Prieto Nespereira *Colegas das palabras* a través da súa coordinadora, Xela López, compartindo lecturas e comentarios a través dos respectivos blogs. O ano vindeiro organizarase un encontro entre os dous clubs.

4- ACCIÓNS CONXUNTAS DESTINADAS AO CONTORNO E AO ALUMNADO:

Obxectivo:

Integrar e implicar toda a comunidade educativa no proceso dinamizador con accións e actividades conxuntas.

ACCIÓNS:

- ***Proxecto audiovisual “Algo que contar”*** consistente en recoller documentos orais breves: historias, anécdotas, contos, microrrelatos, curiosidades, cántigas, que se poderán realizar en grupo, seguindo unha

estrutura, ou de forma individual. Este ano realizarase unha experiencia piloto que irá sendo avaliada ao longo do seu desenvolvemento. O alumnado disporá dun prazo máximo de 2 minutos para as intervencións colectivas e 1 minuto para as individuais. Non se poderá ler, o cal obrigará a memorizar e ensaiar a intervención. Na 1ª fase destinarase ao alumnado voluntario e, co tempo, estenderase ás familias e ao profesorado que queira deixar a súa pegada neste proxecto innovador. Unha vez realizadas as gravacións procederase á clasificación e posterior montaxe, incluíndo efectos e música. O obxectivo é potenciar os usos orais dunha maneira atractiva, crear un efecto de persuasión colectiva, implicar toda a comunidade educativa e empregar as TIC. Un dos apartados temáticos interesantes nesta recollida é o **coñecemento da medicina popular** ou remedios tradicionais, normalmente en poder das mulleres máis vellas, e que se está a perder. Cando a experiencia estea en marcha proporase entrevistar as persoas máis anciás que posúan estes saberes e recollelos, seguindo un guión, en formato audiovisual e por escrito, por medio dunha ficha.

- ***Celebración dos días sinalados no calendario:*** esta actividade, descrita máis arriba, está dirixida a toda a comunidade e mesmo ao contorno.
- ***Cinefórum:*** esta actividade, tamén descrita anteriormente, dirixirase a toda a comunidade educativa e convidarase a asociacións e persoas da bisbarra que queiran participar.
- ***“Contos para todo o mundo”*** . Organizarase unha sesión de contacontos para nais e pais e alumnado na Semana das Letras Galegas nunha xornada de portas abertas. Establecemos contacto co contacontos Celso Fernández Sanmartín que xa estivo no noso instituto o curso anterior e que obtivo moito éxito entre o alumnado de 2º e 4º da ESO.
- ***A mochila viaxeira: préstamos para a casa:*** seguirá a funcionar esta actividade iniciada o curso pasado coa mochila viaxeira, un proxecto para achegar fondos bibliográficos e audiovisuais ás familias (revistas, cómics, libros, películas e discos de música). O curso pasado puxéronse en circulación 4 mochilas con diverso material e este curso preténdese aumentar o número de mochilas para que se vaia ampliando o número de familias beneficiadas e seguir promovendo o uso da lingua escrita e a súa

proxección audiovisual. Tamén se adquiriran novos fondos: máis exemplares, cómics, música, películas... Cómpre destacar a necesidade de mercar os DVDs sobre a serie documental emitida na Televisión de Galicia *Historias de Galicia*, de gran utilidade didáctica en varias materias (Historia, Lingua e Literatura Galega, Xeografía, Economía...).

- **Potenciación das TIC:** coa colaboración do **Equipo das TIC** seguirase mantendo e creando novas canles de comunicación *inter-web*. A páxina web, a sección da Biblioteca, os *blogs* do club de lectura e o *blog* do ENDL contribuirán, co seu mantemento e actualización, ao proceso normalizador. Seguirase promovendo a participación do alumnado nos *blogs*, favorecendo a intercomunicación vía web en galego e incentivarase a creación de *blogs* xestionado polo propio alumnado. Actualmente están en uso a páxina web e os *blogs* de normalización e do club de lectura:

<http://centros.edu.xunta.es/ieslagoadeantela>.

www.blogoteca.com/ofalarnontencancelas

www.blogoteca.com/nostamennavegar

5- SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

Obxectivos:

Contribuír ao mantemento da lingua galega como vehículo oficial e normalizar a nova documentación

ACCÍONS:

- ***Normalizar lingüísticamente dende a perspectiva de xénero a documentación oficial:*** informes, cartas a nais e pais, titoría, Proxecto Lector, Regulamento de Réxime Interno, documentación referida ao Observatorio de Convivencia, etc. Cómpre adaptarse ás novas esixencias que marca a lei sobre a materia de xénero e o ENDL é sensible a este tema polo que actuará en consecuencia.
- ***Asesoría e revisión da documentación*** do departamento de Orientación e do equipo directivo e do resto do profesorado. Tamén na resolución de dúbidas e na asesoría lingüística canto a recursos e ferramentas de en

todo tipo de soportes: dicionarios, gramáticas, vocabularios, correctores, tradutores...

- **Proporcionar información sobre novidades en galego:** cine, literatura, acontecementos, cursos... a través do taboleiro do ENDL sito no corredor.

6- INTERCENTROS

Obxectivo:

Seguir a colaboración con outros ENDL en proxectos xa iniciados.

ACCIONES:

- Organizar algunha acción conxunta co IES Cidade de Antioquía como se vén realizando todos os anos: encontros con escritores e xornada de contacontos.
- Publicación dos contos itinerantes realizados o curso anterior entre o alumnado do CEIP Rosalía de Castro e IES Lagoa de Antela que non puideron editarse por razóns económicas. Este curso promoverase un proxecto vía internet, activando unha acción conxunta a través do *blog*.
- 3ª fase do proxecto ***Ler para viaxar*** co IES San Mamede de Maceda consistente na visita do alumnado de Maceda a lugares da bisbarra limiá, empregando como guías o propio alumnado do IES Lagoa de Antela. Visitaremos a **Torre da Forxa** e a ferverza no concello de Porqueira e logo realizaremos un percorrido pola aldea de **Lodoselo**. Previamente o noso alumnado preparará os textos informativos sobre os monumentos e lugares de interese das zonas que se van visitar, exercendo de anfitrións do alumnado do IES San Mamede.
- ***“Intercambiando toponimia e visibilizándoa”***: vaise emprender unha acción conxunta cos ENDL do IES Abrente de Ribadavia, IES Xulio Prieto Nespereira de Ourense e IES San Mamede de Maceda, consistente en confeccionar camisetas cun deseño común a partir dun traballo de microtoponimia das diferentes bisbarras. O obxectivo é coñecer, valorar e facer visible a nosa riqueza toponímica; propiciar o intercambio de coñecementos, potenciar a creatividade e empregar as TIC. Este traballo

permitirá ao alumnado coñecer a orixe dos topónimos e observar a relación entre estes e o contorno, apreciando as alteracións no medio. Mesmo poderán descubrir como lugares afastados comparten nomes. Tamén se intercambiarán experiencias e material, como se vén facendo ata o de agora.

- Intensificar os contactos entre os clubs de lectura do IES Xulio Prieto Nespereira *Colegas das palabras* a través da súa coordinadora, Xela López, compartindo lecturas e comentarios a través dos respectivos blogs. O ano vindeiro organizarase un encontro entre os dous clubs.

